

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ORDE do 4 de agosto de 2011 pola que se incrementa a dotación orzamentaria da Orde do 30 de decembro de 2010, pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural para a utilización sustentable das terras agrícolas no ano 2011.

A orde da Consellería do Medio Rural do 30 de decembro de 2010 (DOG n.º 6, do 11 de xaneiro) regula o procedemento para a solicitude, tramitación e concesión, para o ano 2011, das axudas previstas dentro do réxime do pagamento único e doutros réximes de axuda directa á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural para a utilización sustentable das terras agrícolas no ano 2011.

Na súa disposición adicional primeira, parágrafo 1.º, precísanse as aplicacións orzamentarias e o importe económico previsto para o financiamento das ditas axudas e no seu parágrafo 3.º sinálase que as dotacións iniciais se poderán incrementar, se for procedente, tramitando o expediente de modificación de crédito oportuno.

Coa finalidade de poder amparar todas as solicitudes das axudas especificadas no título II da orde, relativas aos pagamentos directos á agricultura e á gandería no marco da aplicación da política agrícola común en Galicia, financiadas polo Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga) e polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e xestionadas polo Fondo Galego de Garantía Agraria, e posto que a dotación inicial resulta insuficiente, foi autorizado o correspondente expediente de modificación de crédito, polo que cómpre, mediante esta orde, incrementar a dotación orzamentaria consignada inicialmente para a concesión das mencionadas axudas.

En consecuencia, e de conformidade co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia,

DISPOÑO:

Artigo único.

1. A dotación orzamentaria prevista para as axudas especificadas no título II da Orde do 30 de decembro de 2010 (DOG n.º 6, do 11 de xaneiro), conforme a disposición adicional primeira, parágrafo 1.º alínea a), da dita orde, increméntase no importe de 10.315.983,64

euros, con cargo á aplicación 13.90.713F.779.1 dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2011.

2. En todo caso, a concesión das axudas reguladas na dita orde estará limitada ás dispoñibilidades orzamentarias.

Disposición adicional única.

O incremento de crédito previsto no artigo único desta orde non afecta o prazo de presentación de solicitudes establecido na dita Orde do 30 de decembro de 2010 (DOG n.º 6, do 11 de xaneiro).

Disposición derradeira.

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 4 de agosto de 2011.

Samuel Jesús Juárez Casado
Conselleiro do Medio Rural